

# Plan Dixital

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15027319	IES de Sar	Santiago de Compostela	2024/2025	En elaboración

## 1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	06/10/24
Data aprobación consello	
Data aprobación claustro	

## 2. Introducción

### 1. Datos básicos do centro:

O Instituto de Educación Secundaria de Sar atópase no compostelán barrio de Sar, de onde recibe o seu nome. Os principais datos descritivos do mesmo son os seguintes:

- Código: 15027319
- Enderezo: Rúa Bernardo Barreiro de Vázquez Varela s/n. C.P.: 15702. Santiago de Compostela
- Teléfono: 881 867 162
- Fax: 881 867 172
- Web: [www.edu.xunta.gal/centros/iesdesar/](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdesar/)
- Enderezo electrónico: [ies.sar@edu.xunta.gal](mailto:ies.sar@edu.xunta.gal)
- Superficie do terreo: 7000 m<sup>2</sup> aprox.
- Superficie edificada en planta: 2425 m<sup>2</sup> aprox.
- Superficie útil: 5400 m<sup>2</sup>

Pertencente á zona educativa de Santiago de Compostela, o IES de Sar ten unha área de influencia que abrangue, a maiores do propio barrio no que se localiza, a zona de Aríns e Fornás, o Concello de Boqueixón, Val do Dubra (Bembibre e Portomouro), o Concello do Pino e o Concello de Touro.

Os centros de Educación Primaria adscritos son:

- CEIP Ramón Cabanillas
- CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei
- CEIP Apóstolo Santiago
- CPR Plurilingüe Casa do Neno
- CPR Plurilingüe Vilas Alborada

No IES de Sar impártense as etapas educativas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato (modalidades de Artes, Ciencias, e Ciencias Sociais e Humanidades). Así mesmo, tamén se atopa no centro unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.

O número total de alumnado no curso 2024/25 ascende a 503 estudantes (246 na ESO e 257 en Bacharelato).

O Claustro de Profesores está composto por un total de 46 membros.

### 1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES de Sar inaugurouse en 1993 coincidindo co desenvolvemento crecente das redes de comunicación que circundan á cidade, pasando de estar nun barrio periférico mal comunicado a atoparse plenamente absorbido polo centro urbano e aumentando considerablemente o número de vivendas na zona. Estas vivendas foron adquiridas principalmente por familias novas, reportando un aumento do alumnado do centro.

A procedencia do alumnado deriva tanto da propia cidade de Santiago de Compostela coma, en maior medida, de zonas

rurais menos poboadas do concello. Así mesmo, tamén proceden abundantes estudantes de concellos limítrofes para estudar Bacharelato. Isto determina un nivel socioeconómico e sociocultural medio ou medio-baixo na ESO e moi variado no Bacharelato.

O IES de Sar é un referente en toda a bisbarra compostelá por ser un dos poucos centros que imparte o Bacharelato de Artes.

O Plan Dixital do IES de Sar vén a elevar a implantación e desenvolvemento dun proceso de ensino e aprendizaxe máis tecnolóxico e dixital ao abeiro das TIC, liña na que se traballa decididamente dende hai varios cursos. Así, este centro é o primeiro da cidade de Santiago de Compostela co programa E-Dixgal estendido aos catro cursos da ESO, feito acadado no curso 2021/22, logo de iniciarse o curso precedente con este programa en 1º da ESO.

No IES de Sar, a maiores da plataforma EVA propia do programa E-Dixgal, tamén se emprega a Aula Virtual (Moodle), Abalar e un correo corporativo tanto para o alumnado como para o profesorado, dispoñendo así dun amplo espectro de ferramentas dixitais e canles de comunicación tanto internas como externas entre os distintos membros da comunidade educativa.

O Plan Dixital contribúe de xeito decidido á Programación Xeral Anual do curso 2024/25. Así, contéplase unha continuación e ampliación dos Plans de Formación Permanente do Profesorado que se veñen desenvolvendo no centro. Do mesmo xeito, tamén se traballa en novos proxectos de marcado perfil dixital e tecnolóxico, como é a posible continuación neste curso dun amplo proxecto interdisciplinario dentro do programa Polos Creativos.

#### 1. Breve xustificación do mesmo

O marco lexislativo no que se enmarca é o seguinte:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.

Artigo 37.1. do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 18 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 35.1 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 21 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

#### 1. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do Plan Dixital do IES de Sar foi organizado atendendo ás directrices comunicadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Curso 2022/23 Implementación do Plan e subida a EduCalidade tras a diagnose da situación no centro no curso anterior (a través do informe Selfie e do Test CDD)

Curso 2023/24 Se establecen novos obxectivos e continuamos con algúns dos que tiñamos.

Curso 2024/25 Continuamos con algúns obxectivos do curso anterior e se establecen outro novos

### 3. Contexto DAFO

#### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

A partires do Informe SELFIE, o test CDD e outras fontes o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

### 3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traer o propio dispositivo.</li> <li>- Outorgar recoñecemento ao traballo doutras persoas.</li> <li>- Resolver problemas técnicos.</li> <li>- Habilidades dixitais para diferentes materias.</li> </ul>	Alumnado	Si
Debilidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traer o propio dispositivo.</li> </ul>	Familias	Si
Debilidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Bibliotecas e repositorios en liña.</li> <li>- Infraestrutura.</li> </ul>	Infraestruturas	Non
Debilidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo para explorar o ensino dixital.</li> <li>- Avaliación do progreso.</li> <li>- Medidas para identificar dificultades.</li> <li>- Traer o propio dispositivo.</li> <li>- Bibliotecas e repositorios en liña.</li> <li>- Avaliación dixital.</li> <li>- Habilidades dixitais para diferentes materias.</li> </ul>	Organización de centro	Si
Debilidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración do alumnado.</li> <li>- Proxectos interdisciplinarios.</li> <li>- Avaliación das capacidades.</li> <li>- Retroalimentación axeitada.</li> <li>- Autorreflexión sobre a aprendizaxe.</li> <li>- Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo.</li> <li>- Tempo para explorar o ensino dixital.</li> <li>- Avaliación do progreso.</li> <li>- Debate sobre o uso da tecnoloxía.</li> <li>- Creación de recursos dixitais.</li> <li>- Adaptación ás necesidades do alumnado.</li> <li>- Fomento da creatividade.</li> <li>- Implicación do alumnado.</li> <li>- Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe.</li> <li>- Avaliación das capacidades desenvolvidas fóra do centro.</li> </ul>	Persoal docente	Si
Debilidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de recursos dixitais.</li> <li>- Implicación do alumnado.</li> <li>- Colaboración do alumnado.</li> </ul>	Persoal non docente	Non
Fortaleza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos dixitais para a aprendizaxe.</li> <li>- Dispositivos para o alumnado.</li> <li>- Verificar a calidade da información.</li> <li>- Creación de contidos dixitais.</li> <li>- Comportamento seguro.</li> <li>- Comportamento responsable.</li> <li>- Aprender a comunicarse.</li> <li>- Aprender a codificar ou programar.</li> </ul>	Alumnado	Si
Fortaleza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos dixitais para o ensino.</li> <li>- Acceso a internet.</li> <li>- Dispositivos dixitais para a aprendizaxe.</li> <li>- Protección de datos.</li> <li>- Tecnoloxías asistenciais.</li> <li>- Asistencia técnica.</li> <li>- Dispositivos para o alumnado.</li> <li>- Espazos físicos.</li> </ul>	Infraestruturas	Si
Fortaleza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Novas modalidades de ensino.</li> </ul>	Oferta	Non

Fortaleza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexia dixital.</li> <li>- Desenvolvemento da estratexia co profesorado.</li> <li>- Novas modalidades de ensino.</li> <li>- Sinerxías para a aprendizaxe mixta.</li> <li>- Asistencia técnica.</li> <li>- Apoio para identificar dificultades.</li> <li>- Espazos físicos.</li> <li>- Tecnoloxías asistenciais.</li> </ul>	Organización de centro	Si
Fortaleza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe.</li> <li>- Comunicación coa comunidade educativa.</li> <li>- Recursos educativos abertos.</li> <li>- Documentación da aprendizaxe.</li> </ul>	Persoal docente	Si
Fortaleza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Intercambio de experiencias.</li> <li>- Recursos educativos en liña.</li> </ul>	Persoal non docente	Non

### 3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Infraestrutura.</li> <li>- Bibliotecas e repositorios en liña.</li> </ul>	Administración educativa	Non
Ameaza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas para identificar retos que xorden coa aprendizaxe mixta.</li> </ul>	Contorna	Non
Ameaza	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Infraestrutura.</li> <li>- Medidas para identificar retos da aprendizaxe mixta.</li> </ul>	Outras	Non
Oportunidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos dixitais para o ensino.</li> <li>- Acceso a internet.</li> <li>- Asistencia técnica.</li> <li>- Espazos físicos.</li> </ul>	Administración educativa	Si
Oportunidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoio para abordar retos que xorden da aprendizaxe mixta.</li> </ul>	Contorna	Si
Oportunidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso.</li> <li>- Protección de datos.</li> </ul>	Lexislación	Si
Oportunidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboracións.</li> <li>- Sinerxías para a aprendizaxe mixta.</li> <li>- Apoio para abordar os retos da aprendizaxe mixta.</li> </ul>	Outras	Si

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Crear unha aula virtual con acceso para todo o Claustro de Profesores onde se recolla de xeito periódico, dinámico e actualizado tanto un repositorio de enlaces ós documentos importantes de información operativa do IES de Sar, coma material explicativo relativo ó funcionamento da aula virtual e elaboración de recursos dixitais
O02PD	Mellorar a competencia dixital da comunidade educativa a través da formación continuada co PFPF.
O03PD	Crear proxectos interdisciplinarios empregando tecnoloxías dixitais.
O04PD	Mellorar a competencia dixital do alumnado



## 4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - - Tempo para explorar o ensino dixital.

- Avaliación do progreso.
- Medidas para identificar dificultades.
- Traer o propio dispositivo.
- Bibliotecas e repositorios en liña.
- Avaliación dixital.

- Habilidades dixitais para diferentes materias.

Fortaleza - Organización de centro - - Estratexia dixital.

- Desenvolvemento da estratexia co profesorado.
- Novas modalidades de ensino.
- Sinerxías para a aprendizaxe mixta.
- Asistencia técnica.

- Apoio para identificar dificultades.

- Espazos físicos.

- Tecnoloxías asistenciais.

Fortaleza - Infraestruturas - - Dispositivos dixitais para o ensino.

- Acceso a internet.

- Dispositivos dixitais para a aprendizaxe.

- Protección de datos.

- Tecnoloxías asistenciais.

- Asistencia técnica.

- Dispositivos para o alumnado.

- Espazos físicos.

Oportunidade - Administración educativa - - Dispositivos dixitais para o ensino.

- Acceso a internet.

- Asistencia técnica.

- Espazos físicos.

### 4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Existencia ou non dunha aula virtual que facilite a todo o profesorado o acceso a información relativa á elaboración de recursos dixitais.	0	100				
Existencia ou non de material dixital referente tanto a documentación importante do les coma a titoriais sobre e dúbidas sobre o uso da aula virtual	0	80				
Porcentaxe do profesorado que usa esta aula virtual de referencia	0	100				

#### 4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO01.1: Creación dunha aula virtual á que teña acceso todo o profesorado do centro	20/06/2025	
<b>Responsables</b>	Coordinador TIC.	
<b>Destinatario</b>	Claustro de profesores.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO01.2: Creación do repositorio de enlaces ós documentos importantes de información operativa do IES de Sar	20/06/2025	
<b>Responsables</b>	Coordinador TIC. Coordinador E-Dixgal. Coordinador TIC. Coordinador E-Dixgal.	
<b>Destinatario</b>	Claustro de profesores.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO01.3: Creación de material explicativo relativo ó funcionamento da aula virtual e elaboración de recursos dixitais	20/06/2025	
<b>Responsables</b>	Coordinador TIC. Coordinador E-Dixgal. Profesorado do equipo do Plan Dixital	
<b>Destinatario</b>	Claustro de Porfesores	

#### 4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

#### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidad - Persoal docente - - Colaboración do alumnado.

- Proxectos interdisciplinarios.
- Avaliación das capacidades.
- Retroalimentación axeitada.
- Autorreflexión sobre a aprendizaxe.
- Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo.
- Tempo para explorar o ensino dixital.
- Avaliación do progreso.
- Debate sobre o uso da tecnoloxía.
- Creación de recursos dixitais.
- Adaptación ás necesidades do alumnado.
- Fomento da creatividade.
- Implicación do alumnado.
- Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe.
- Avaliación das capacidades desenvolvidas fóra do centro.

Fortaleza - Persoal docente - - Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe.

- Comunicación coa comunidade educativa.
- Recursos educativos abertos.
- Documentación da aprendizaxe.

Debilidad - Organización de centro - - Tempo para explorar o ensino dixital.

- Avaliación do progreso.
- Medidas para identificar dificultades.
- Traer o propio dispositivo.
- Bibliotecas e repositorios en liña.
- Avaliación dixital.
- Habilidades dixitais para diferentes materias.

Fortaleza - Organización de centro - - Estratexia dixital.

- Desenvolvemento da estratexia co profesorado.
- Novas modalidades de ensino.
- Sinerxías para a aprendizaxe mixta.
- Asistencia técnica.
- Apoio para identificar dificultades.
- Espazos físicos.
- Tecnoloxías asistenciais.

Fortaleza - Infraestruturas - - Dispositivos dixitais para o ensino.

- Acceso a internet.
- Dispositivos dixitais para a aprendizaxe.
- Protección de datos.
- Tecnoloxías asistenciais.
- Asistencia técnica.
- Dispositivos para o alumnado.
- Espazos físicos.

Oportunidade - Lexislación - - Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso.

- Protección de datos.

Oportunidade - Administración educativa - - Dispositivos dixitais para o ensino.

- Acceso a internet.
- Asistencia técnica.
- Espazos físicos.

#### 4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de profesorado que participa no PFPP de Edixgal e paneis didácticos	10 (o ano anterior)	12				
Número de profesorado que participa no seminario de Polos Creativos	8	10				

#### 4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO02.1: Levar a cabo o seminario: E-Dixgal e paneis didácticos.	20/06/2025	setembro, decembro, novembro, outubro
<b>Responsables</b>	Coordinador TIC.	
<b>Destinatario</b>	Claustro de profesores.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO02.2 Levar a cabo a o seminario de continuación no programa de Polo creativos: Productora Audiovisual "Sar Films", promovendo o espírito investigadore a curiosidade polo mundo audiovisual.	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Coordinador do pfpp Polos Creativos	
<b>Destinatario</b>	Claustro de profesores	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO02.3 Avaliación dos resultados obtidos despois da realización das actividades do PFPP	20/06/2025	maio, xuño
<b>Responsables</b>	Coordinadores do PFPP	
<b>Destinatario</b>	Profesorado participante no PFPP	

#### 4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

#### 4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Oportunidade - Administración educativa - - Dispositivos dixitais para o ensino.

- Acceso a internet.
- Asistencia técnica.
- Espazos físicos.

Oportunidade - Contorna - - Apoio para abordar retos que xorden da aprendizaxe mixta.

Oportunidade - Outras - - Colaboracións.

- Sinerxías para a aprendizaxe mixta.
- Apoio para abordar os retos da aprendizaxe mixta.

#### 4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de alumnado que participa polo menos nun proxecto interdisciplinario empregando tecnoloxías dixitais.	50	70	80			

#### 4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO03.1: Implantar proxectos interdisciplinarios que impliquen o manexo de tecnoloxías dixitais e dotar os mesmos dos espazos e medios precisos.	20/06/2025	
<b>Responsables</b>	Claustro de profesores	
<b>Destinatario</b>	Alumnado.	

#### 4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

#### 4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - - Traer o propio dispositivo.

- Outorgar recoñecemento ao traballo doutras persoas.
- Resolver problemas técnicos.
- Habilidades dixitais para diferentes materias.

Fortaleza - Alumnado - - Dispositivos dixitais para a aprendizaxe.

- Dispositivos para o alumnado.
- Verificar a calidade da información.
- Creación de contidos dixitais.
- Comportamento seguro.
- Comportamento responsable.

- Aprender a comunicarse.
- Aprender a codificar ou programar.

Debilidade - Familias - - Traer o propio dispositivo.

Oportunidade - Administración educativa - - Dispositivos dixitais para o ensino.

- Acceso a internet.
- Asistencia técnica.
- Espazos físicos.

#### 4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Nos conceden ou non o Programa educativo: Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais	Non	Si				
Número de charlas de divulgación tecnolóxica que nos conceden dende a Universidade de Vigo	0	3				

#### 4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO04.1: Solicitar o programa educativo: Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais	20/06/2025	setembro
<b>Responsables</b>	Departamento de Tecnoloxía	
<b>Destinatario</b>	Alumnado.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO04.2: Solicitar varias charlas de divulgación científica y tecnolóxica da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo	20/06/2025	setembro
<b>Responsables</b>	Departamento de Tecnoloxía, Departamento de Matemáticas	
<b>Destinatario</b>	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO04.3 En función das charlas que nos concedan, organizar o alumnado por cursos para a asistencia as mesmas	20/06/2025	
<b>Responsables</b>	Departamento de Tecnoloxía, Departamento de Matemáticas	
<b>Destinatario</b>	Alumnado	

### 5. Seguimento

#### 5.1. Procedemento para o seguimento

O Plan Dixital do IES de Sar preséntase como un documento eminentemente práctico e dinámico cunha pretensión de impacto e aplicación directa no día a día da actividade do centro. Para avaliar a súa repercusión farase un seguimento do desenvolvemento e grao de consecución do mesmo de xeito periódico cunha frecuencia como mínimo trimestral. Para dito seguimento trimestral levaranse a cabo reunións co equipo de coordinación do Plan Dixital

#### 5.2. Primeiro trimestre



### 5.3. Segundo trimestre

### 5.4. Terceiro trimestre

## 6. Avaliación

### 6.1. Procedemento para a avaliación

O Plan Dixital do IES de Sar preséntase como un documento eminentemente práctico e dinámico cunha pretensión de impacto e aplicación directa no día a día da actividade do centro. Para avaliar a súa repercusión farase un seguimento do desenvolvemento e grao de consecución do mesmo de xeito periódico cunha frecuencia como mínimo trimestral.

No contexto da avaliación procesual os aspectos a valorar inclúen o estado de execución das accións dos distintos obxectivos recollidos no Plan de Acción, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Finalmente farase unha avaliación final ao remate do curso, onde se valorará o logro dos obxectivos e as posibles propostas de mellora de cara ao seguinte curso académico.

### 6.2. Valoración xeral

### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Co fin de lograr a máxima difusión e posta en coñecemento do presente Plan Dixital entre todos os membros da comunidade educativa do IES de Sar, facilitarase o acceso e consulta deste documento en calquera momento e circunstancia a través das distintas plataformas e canles de comunicación dispoñibles no centro, do mesmo xeito que se realiza cos restantes plans, normas e protocolos actualmente en vigor. A través da aplicación Educalidade permitirase, unha vez pechada a planificación, o seguimento dos obxectivos e accións programadas así como a obtención da memoria.

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

Descrición	Arquivo
Documento co Plan Dixital do IES de Sar entregado o 10/06/2022	15027319_IESdeSar_PlanDixital_V1.0_10062022.pdf